

INFORMACIÓN EMBARGADA ata o 3 de novembro de 2022 ás 10 h

ENQUISA EDUCO: CASE O 75% DAS FAMILIAS GALEGAS EMPREGARÍAN O COMEDOR ESCOLAR SE FOSE GRATUÍTO

- **O 15,5% das familias declara que non sabe como pedir unha bolsa de comedor, un porcentaxe que aumenta ata o 18,75% nos fogares con rendas baixas.**

INFORME GALICIA COMPLETO E OUTROS MATERIAIS - [AQUÍ](#)

*3 de outubro de 2022.- A ONG de infancia Educo publica o informe **O Comedor escolar. A visión das familias**, unha enquisa representativa á familias de toda España e de Galicia na que se analiza á percepción destas no que ao acceso ao comedor e espazo de mediodía en escolas públicas de primaria se refire.*

Na actualidade, segundo os datos estatísticos dispoñibles, o 49% do alumnado galego de educación primaria acode ao comedor escolar. No caso dos fogares con rendas mais altas, a asistencia diaria ao comedor sitúase nun 48,58% mentres que os de rendas máis baixas alcanzar o 56,25%. Desta consulta extráese o dato de que **mais do 90% das familias enquisadas apoia a disposición de prazas para todo o alumnado independentemente do seu nivel de renda.**

En canto aos recursos económicos para pagar o comedor escolar, o 50,8% das familias consultadas afirma que precisa de algún grao de axuda para poder facer fronte ao custo do comedor, sen embargo, tan so o 32,1% solicitou unha bolsa.

Desde Educo se quere alertar sobre a elevada porcentaxe que responde que **non solicitaron a bolsa porque non saben como facelo (15,5%), este porcentaxe aumenta nos fogares con rendas baixas ata o 18,75%.** Unha posible causa podería ser unha inadecuada comunicación ou a falta de accesibilidade da información, o que estaría a engadir unha nova barreira e a incrementar a súa vulnerabilidade. Os datos parecen indicar que non todas as familias que poderían necesitar unha bolsa de comedor a este a recibir. "É preocupante que existan familias

que non saben como iniciar os trámites para solicitar unha bolsa comedor. Estes son procesos que levan moitos anos de funcionamento e, sen embargo, seguen sendo descoñecidos para unha parte da poboación que podería beneficiarse” expón Mónica Viqueira, delegada territorial de Educo en Galicia..

Os resultados da enquisa mostran que, en xeral, as familias perciben o comedor como un espazo con garantías, de boa alimentación, coidado e bo trato. Ademais, é moi importante para ás familias como elemento de conciliación da vida familiar e laboral, permitindo dispor dun tempo para o emprego ou os coidados.

A pesar da lectura **xeral positiva na comunidade galega en canto a cobertura e alcance do sistema de bolsas, aínda queda marxe de mellora**. Así, no marco de aprobación dos orzamentos 2023 para Galicia, dende Educo estase a solicitar o aumento da inversión: “A enquisa mostra que as familias están interesados en levar aos seus fillos e fillas ao comedor e que, se non o fan, principalmente e porque non contan cos recursos económicos para facelo. O debate dos orzamentos xerais autonómicos é o marco idóneo para comprometerse con esta demanda e facela efectiva” afirma a delegada de Educo en Galicia.. Segundo as estimacións da organización, **Galicia requiriría unha inversión de 47,3 millóns de euros para garantir o comedor gratuito ao alumnado en risco de pobreza e exclusión**.

En España, as bolsas comedor deixan fóra á metade das familias

Os resultados da enquisa a nivel estatal mostran que actualmente o 43% das familias leva a diario aos seus fillos e fillas ao comedor escolar e un 12% faio de maneira puntual. No caso dos fogares con rendas máis altas, a asistencia diaria ao comedor alcanza o 50% mentres que nos de rendas baixas descende ao 36%. **Dos datos despréndese que o factor económico é moi importante. De feito, se o comedor fose gratuito, 3 de cada 4 familias levarían aos seus fillos e fillas.**

Outro dato para destacar é que **o 30,3% das familias pediron unha bolsa comedor pública** porque consideraban que a necesitaban. Con todo, **case a metade destes fogares non recibiron este apoio económico**. Na maioría das ocasións denegóuselles a axuda pública ao superar o baremo máximo de renda que se indica na solicitude das bolsas.

A ONG tamén alerta da **elevada porcentaxe de familias en España que non pediron a bolsa porque o fixeron fóra de prazo (4,6%) ou porque non sabían como solicitala (9,5%)**. Neste

último caso, a porcentaxe pasa de máis do 9,5% ao 13,5% cando se trata de familias con rendas baixas.

Educo quere lembrar que unha educación equitativa implica que tódolos nenos e nenas deban desfrutar das oportunidades educativas, alimentarias e sociais que debe ofrecer o comedor e o espazo de mediodía escolar para garantir su desenvolvemento e benestar.

Sobre Educo:

Educo é unha ONG de cooperación global para o desenvolvemento, centrada na educación, protección e participación da infancia, que actúa en 14 países a través de proxectos nos que participan máis de 900.000 nenos, nenas, adolescentes e mozos.

Para máis información:

Mónica Viqueira Martínez

monica.viqueira@educoco.org

Tlf. 607 166 927